

Compróbase que a candidata presentou a aceptación da candidatura (doc. núm. 25395).

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Admitir a trámite a proposta de María Concepción Pombo Romero como candidata a directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

2º. Dar traslado deste acordo á Mesa da Comisión permanente non lexislativa de Control da Corporación de RTVG e aos portavoces dos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de maio de 2025, de resolución do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade (grupo C)

Por un acordo da Mesa do Parlamento do Parlamento do 9 de abril de 2024 anúnciase o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade e apróbanse as bases reguladoras do procedemento (DOG núm. 79, do 22 de abril).

O tribunal cualificador, na sesión do 9 de abril de 2025, acordou propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización do proceso selectivo e o nomeamento pola Presidencia de Andrea Caaveiro Souto, María Corredoira Cobas, Iria Pereira Louzao e Cristina Pino Ponte como persoal funcionario de carreira no corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Xa que logo, en cumprimento do artigo 7.2 das bases do antedito procedemento, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Finalizar o procedemento selectivo para ingresar por quenda libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, e aprobar o seu resultado a favor de Andrea Caaveiro Souto, María Corredoira Cobas, Iria Pereira Louzao e Cristina Pino Ponte.

2º. Notificarlles este acordo a Andrea Caaveiro Souto, María Corredoira Cobas, Iria Pereira Louzao e Cristina Pino Ponte, que, de conformidade coa base oitava da convocatoria, disporán dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para presentaren, se é o caso, a documentación prevista na citada base.



3º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para os efectos de darlle efectividade á execución deste acordo.

4º. Propoñerlle á Presidencia, de conformidade coa base novena desta convocatoria, o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

5º. Constituír unha lista de espera, de conformidade coa base décima da convocatoria, para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polo que é nomeado.

6º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2025

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

